

## À miña homenaxe á simple e universal forxa

*Antonio Vázquez Iglesias*

Neste escrito non me vou referir á forxa industrial, esa que produce útiles en serie de forma máis ou menos masiva. Aquí só pretendo lembrar aquela forxa simple, aquel taller onde se traballaba artesanalmente o ferro ou o aceiro. Unha forxa instalábase alí onde había un poboado, grande ou pequeno, habitado por campesiños. Calquera aldea, aínda que non tivese luz eléctrica, podía contar cunha forxa, á que tamén se lle pode chamar ferrería ou ferraría, pois, ademais de usar leña como combustible, utiliza ferranchos como materia prima.



A forxa propiamente dita, tamén chamada fragua, vén sendo onde se quenta o ferro para poder traballalo ou forxalo. Está formada por un mesado de forma cadrada, de aproximadamente un metro de lado que se ergue do chan por medio de catro paredes á altura de un metro máis ou menos. Na base constitúese o fogar onde se amontoa o carbón ó que se lle prende lume que, acirrado polo aire que vén entubado desde un fol ou desde un ventilador, producirá unha labarada suficientemente intensa para quentar as pezas ata poñelas candentes para, desde xeito, poder darlles a forma desexada, isto é, forxalas.

Outro elemento que non pode faltar nun obradoiro de forxa é a zafra. Trátase dunha peza de aceiro que se suxeita a un macizo e corpulento tallo de madeira. Consta dunha base prismática na que se malla o ferro co martelo; esta base remata por un extremo nunha peza cónica en posición horizontal e, polo outro, pode levar unha peza piramidal. Nos extremos da base ten dous furos, un cadrado e outro redondo que, aínda que poden pasar desapercibidos, son un estimado recurso do ferreiro, como por exemplo, facer furos ou inserir ferramentas auxiliares como a talladeira. Outras ferramentas imprescindibles nun taller de forxa son os martelos de variados tipos cos que o ferreiro pechará no ferro para darlle ás pezas a forma oportuna; un par de martelóns que normalmente manexaba o axudante; un parafuso de apertar e amarrar as pezas; un torno movido por pedal para facer mangos; unha pía con auga para temperar as pezas co fin de que adquiren a dureza necesaria; e unha moa para afiar as ferramentas de corte.

Todos estes aparellos son imprescindibles e, ó mesmo tempo, suficientes para funcionar normalmente unha ferrería tradicional, sen precisar outros sistemas perigosos e contaminantes. E é aquí onde a sinxeleza da forxa adquire a condición de útil, rápida e ecolóxica.

Ben, ata aquí presentei algúns aspectos dun taller de forxa, pero non podo deixar de falar do ferreiro, pois é doado entender que antes da forxa naceu o ferreiro. Co conxunto de útiles que acabo de citar e varios montes de metais férreos que poidan ser movidos manualmente, o ferreiro que aprendeu e practicou o seu oficio está en condicións de facer unha variedade de útiles para o seu propio servizo: varios tipos de tenaces, diferentes talladeiras, variedade de punzóns, estampas e outros.

Agora ben, o valor máis importante dun ferreiro é o de dar servizo ós campesiños, facéndolles os apeiros máis diversos e de diversas formas e simetrías: ferramentas para a man dereita e para a man esquerda; apeiros máis abertos ou máis pechados; trebellos máis grandes ou máis pequenos. O ferreiro servizal faise querido polos labregos, pois cando levan as súas ferramentas a cravuñar, a apuntar ou a calzar (1) van confiados na maña do ferreiro e volven moi alegres por que saben que, cando menos, solucionaron un problema: teñen as ferramentas preparadas para faceren o traballo, aínda que con esforzo, con máis facilidade e alegría.

Pero o ferreiro tamén facía outras moitas cousas para outros profesionais. Preparaba ferramentas para carpinteiros, canteiros, cesteiros, toneleiros... Incluso o ferreiro tivo que facer algunha vez de dentista pois daquela, estes profesionais exercían lonxe do mundo rural e aínda máis lonxe das posibilidades económicas dos campesiños, de tal xeito que, cando estes tiñan desesperadas dores de moas recorrían ó ferreiro coñecido para que lle arrincase a moa doente coa axuda das tenaces.

Por estas cousas tan elementais e outras que deixo sen escribir, velaí vai a miña cariñosa homenaxe á forxa é ó ferreiro que actualmente están desaparecendo do mesmo xeito que escasean as persoas de condición sinxela, clara e natural.

1. Acravuñar. Afiar unha ferramenta de corte (machada, fouciño, gadaña, poda...) petando nela sobre a zafra cun martelo especial.

Apuntar. Facerlle a punta a algunhas ferramentas, como punteiros, picarañas ou picos, para que cumpran a súa función.

Calzar. Recuperarlle a unha ferramenta gastada (legón, aixada, picaña, etc.) o seu tamaño primitivo engadíndolle un anaco de aceiro que se solda polo sistema de caldeo tendo moi en conta o punto exacto de fusión.

